

A devoción a San Rosendo na diocese de Ourense

Hai que supoñer, dínos D. Miguel Anxo Araúxo en "San Rosendo, Bispo e Fundador", que as comunidades monásticas, tanto do mosteiro de Celanova, como daqueles outros cos que tivo relación o noso Santo, gardaronlle sempre unha gran veneración e devoción, aínda antes de ser canonizado. **O testemuño de Ordoño e as mesmas Bulas de canonización son un bó argumento para confirmar este feito.**

Pero, fóra das comunidades monásticas e do ámbito de influencia das mesmas, podemos afirmar que a devoción ao Santo foi máis escasa. San Rosendo foi un Santo Abade, de nobre berce, emparentado cos reis de León e Asturias. Ser Santo de devoción dos humildes e dos pobres só se consegue con moito carisma para ser benquerido por eles, para darlles confianza e para converterse da noite para a mañá no seu avogado e intercesor ante Deus.

Cecais unha proba do que estamos a dicir sexa que San Rosendo non foi o titular da parroquia de Celanova ata o ano 1977, Milenario da súa morte. O patrón era San Breixo. *Isto dínos como o mesmo pobo de Celanova nunca tivo en San Rosendo ao Santo próximo e coñecedor das súas intimidades espirituais nen xiquera materiais, como afirma D. Xosé Perez Domínguez no N°21 de Pastoralia adicado a San Rosendo, con motivo do Ano Xubilar*



Podemos afirmar que ata superada a metade do Século XX a devoción ao Santo practicamente desapareceu debido a exclaustración do monxes. Pero chegou a vontade firme e ilusionada de dous homes apaixonados pola figura deste esgrevio personaxe para recuperalo do seu esquecemento e producir unha especie de “onda rosendiana” a nivel de Galicia, pero sobre todo de Ourense e Mondoñedo.

Estos homes foron Anxo Martínez por Ourense e Xosé Lombardero por Mondoñedo.

Ao longo dos cento vintecinco anos trascurridos entre a desamortización de Mendizábal e a aparición de Xosé Lombardero, Coengo de Mondoñedo, e Anxo foise esquecendo a devoción ao Santo. Eu vou a centrarme na recuperación da devoción a San Rosendo en Ourense.

Anxo Martínez:

Anxo Martínez, segrar, e cristián namorado do Santo, comeza a escribir na prensa sobre San Rosendo e o esquecemento do Santo por parte de Celanova. Isto provoca a reacción de algúns celanoveses, entre eles, as irmáns Chon e Lala Meleiro, que seguían conservando certa devoción a San Rosendo.

Anxo, despois de falar coas autoridades, coa parroquia, e coas devanditas irmáns, a mediados dos anos sesenta prepara a celebración de San Rosendo cunha Misa, en galego, na festa do Santo, o primeiro de marzo. Para presidi-la Misa trae un predicador escolliado, e para cantala a “Coral de Ruada”.

A Misa celébrase, ás vinte horas, xa que os que máis acudían eran os de Ourense, mobilizados por Anxo, que conseguiu vencellar a esta festa a Coral de Ruada, a que acompañaban moitos amigos.



Anxo vai a fomenta-la devoción ao Santo en moitos dos seus amigos da cidade de Ourense, e concienciar ao Concello de Celanova da importancia do Santo. Por fin o Concello accede á petición de Anxo: "declarar festivo" a data do primeiro de marzo para honrar ao Fundador de Celanova. *Dicía Celso Emilio Ferreiro, no pregón do Milenario de San Rosendo, Celanova é para mín un mito, que comezou fai dezoito séculos cando os nosos antergos, os Coelerni, baixaron de Coeliobriga - hoxe monte de Castromao - para establecerse no lugar de Coelianova que, oitocentos anos despois, se chamaría Celanova, onde San Rosendo fundou o seu mosteiro, pedra solar da Vila e a súa razón de ser es estar mundo.*

Como facía falta un himno a San Rosendo, Anxo pediulle ao sacerdote e poeta ourensán Abelardo Santorum a súa composición: un himno cunha letra preciosa, rubricado pola música, non menos preciosa, de Manuel de Dios.

A parroquia de Celanova comeza a espertar ao ver cómo suben de Ourense a Celanova para honrar a San Rosendo, e na data do dezoito de xullo peregrinan ao sartego do Santo os de Mondoñedo, movilizados por D. Xosé Lombardero. As peregrinacións eran presididas polo bispo e o alcalde da cidade ou vila que peregrinaban.

Cando ve que en Celanova se vai afianzando o culto ao Santo, e a parroquia baixo a dirección de D. Manuel Iglesias Grande se fai cargo da festa de San Rosendo, Anxo organizou un triduo solemne na Catedral de Ourense con predicadores escollidos.

Anxo tivo o acerto de motivar no seu apostolado rosendiano aos principias artistas ourensáns pedíndolles a súa colaboración artística. A temática era sempre a vida do Santo en estatuas, relevos, gravados, debuxos e pinturas. Podemos citar a Virxilio, Xaime Quesada, Buciños, Xosé Cid, Xosé Luís de Dios, Baltar, Florencio de Arboiro, Ocaña, Manzano, Pedro de Oliver, Maite Vázquez, Xosé Ramón, Moreiras, Luís Cid, Bobillo, Loreto Barture, Miguel Anxel Nieto, César Taboada, Adela, irmán Luís, Martínez Menchón.

Conseguíu do Concello de Ourense erguer unha estatua a San Rosendo na R/ do Progreso, colocou outra en Entrimo no Pedreiriño, e un relevo na Cela, concello de Lovios, valéndose dun penedo de granito; todas elas obras do escultor Xosé Cid.

En agradecemento aos seus moitos traballos a prol do apostolado "rosendiano" o Concello de Celanova nomeo "Fillo Adoptivo" da Vila.

Anxo tiña na súa casa unha colección de debuxos, gravados, relevos, pinturas e esculturas do Santo que deixou en testamento ao Concello de Celanova, e aquí están, por si alguén as quere ver.

Foi Anxo, unha persoa que sempre soubo busca-lo apoio das Institucións: Parroquia de Celanova, Excmo. Concello de Celanova, Excma. Deputación e o Bispado de Ourense.

O noso amigo, Anxo, seguía con moitos proxectos, pero unha enfermidade inoportuna levouno á beira do Pai e de San Rosendo, polo que tanto fixo en vida.

Rexurdir da devoción a S. Rosendo na década dos setenta

Na década dos setenta, coincidindo con Milenario da Morte do Santo, intensifícase a devoción a San Rosendo co nomeamento do bispo de Mondoñedo, D. Miguel Anxo Arauxo Iglesias (1970) e o nomeamento de D. Manuel Iglesias Grande, como párroco de Celanova (1972).

D. Miguel Anxo Araúxo Iglesias

Foi un bispo comprometido e solidario en cada unha das actividades que desenvolveu tanto na súa vida persoal, como na de pastor, docente, e escritor, onde destacou publicando en galego, e impulsando a tradución do Misal Romano e as Sagradas Escrituras á nosa lingua.

D. Miguel Anxo, pastor galeguista, un mitrado que fixo da cadeira episcopal unha permanente defensa dos desfavorecidos; dende a fe reivindicou o valor inmenso da cultura e a lingua galega; e, por suposto, foi unha das grandes figuras intelectuais e pastorais da Igrexa Hispana.

Discípulo e, máis tarde amigo de Cuevillas, Otero Pedrayo e Risco, que loxicamente influiron na súa galeguidade. Pastor profundamente comprometido cos seus semellantes, a igrexa e a terra galega; preocupado polos demáis tanto do mundo rural como do obreiro.

D. Miguel peregrina dende Mondoñedo ao Sartego de San Rosendo, como viña sendo costume, e, na súa identidade de bispo e ourensán xunta Mondoñedo e Celanova, representando tan ben a San Rosendo.

Con motivo do Milenario, na Diocese de Mondoñedo, celebranse dous actos principias na honra de San Rosendo: **unha peregrinación a**

Celanova e un acto relixioso na Catedral coa asistencia de tódolos bispos de Galicia e as Autoridades provinciais e locais.

A peregrinación a Celanova foi a XVIIª da diocese mindoniense, e celebrouse o tres de setembro daquel ano presidida polo bispo diocesán D. Miguel Anxo Araújo Iglesias. Presentou a ofrenda o Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Mondoñedo.

O acto máis importante da diocese de Mondoñedo sería a **Misa celebrada na Sta. Igrexa Catedral Basílica** o día trece de novembro coa participación de tódolos bispos de Galicia.

Como preparación para esta solemnidade houbo catro conferencias no Instituto de Ensino "San Rosendo" da cidade mindoniense:

Día nove: "Sembranza de San Rosendo", polo Ilmo.D. Francisco Moyán, Director do Instituto San Rosendo.


Día dez: "San Rosendo como Bispo" por D. José Trapero Pardo, xornalista e exdirector del "Progreso" de Lugo.

Día once: "El Siglo de San Rosendo" por M.I.D. José María Díaz Fernández, coengo de Santiago de Compostela.

Día doce: "Las Invasiones de los Normandos en Galicia y los Obispos Santos" por D. Alvaro Cunqueiro Mora, escritor.

Xuíxo xeral do milenario

Segundo D. Miguel Anxo celebrouse bastante ben, tanto en Ourense como en Mondoñedo. Acadou algún froito: un coñecemento e aprecio maiores da figura do Santo, sobre todo na zona de Celanova e mesmo da diocese de Ourense. As poucas persoas que traballaron, (Anxo, D. Xosé Lombardero, os curas de Celanova, algúns membros



do Concello, un grupo de guías voluntarias de Celanova) traballaron moito, e son merecentes de toda gratitude e ata admiración.

Pero ao seu parecer, houbo falta de participación do mundo da cultura: un congreso nacional ou internacional monástico, un concurso nacional ou luso-galaico sobre a figura de San Rosendo, unha biografía seria e crítica da vida do Santo.

Dicía D. Miguel Anxo Araúxo facemos votos para que algún día aprobemos estas asignaturas pendentes.

D. Miguel Anxo continuou potenciando as peregrinacións de Mondoñedo ao sarteiro de San Rosendo.

Unha vez xubilado, ata dous anos antes da súa morte, acontecida o vintedous de xullo do dous mil sete, acudiu sempre dende a súa morada de Ourense ao sarteiro do Santo a presidi-la Solemne Concelebración de cada Festa Rosendiana.

D. Manuel Iglesias Grande

D. Manuel chega a Celanova, como párroco, traendo como vicario parroquial ao seu irmán, D. Cesáreo no ano 1972. Observa como a parroquia está practicamente ao marxe da celebración da Festa na honra do Santo, e que a devoción atópase en "mantillas".

Decide, coa colaboración entusiasta e fervorosa de Anxo e co apoio do seu irmán comezar a poñer-la cimentación para inculcar-la devoción a San Rosendo. Vaise a te-la Novena cada ano cun tema distinto e predicadores escollidos, e unha Celebración Solemne o primeiro do marzo, día da Festa. Preocúpase por coñecer-la vida do Santo e a súa influencia no Monacato e na Gallaecia do século dez.

Ao longo do Ano Litúrxico nas celebracións dominicais e oficios solemnes comézase a nomealo Santo tendo en conta as múltiples facetas da súa vida nas que destacou no servizo a Deus e no amor ao próximo.

Dicía Álvaro Cunqueiro *"Celanova é algo que estará sempre moi próximo. San Rosendo é unha das froes da nosa estirpe. Gostaría escribi-la súa lenda de ouro"*, e engadía Otero Pedrayo *"Celanova é a radiante figura gracias á santidade intemporal de San Rosendo e a pura e alta chama poética de Curros Enríquez"*

Logo virá a preparación do Milenario da Morte no ano mil novecentos setenta e sete. Daba comezo a celebración cunha Carta Pastoral

de D. Anxel Temiño sobre: **"San Rosendo, Patriarca de Galicia, en el Milenario de su fallecimiento"**. As ideas fundamentais da mesma son: San Rosendo bispo e monxe, fundador, restaurador, político e guerreiro, retirada ao claustro e San Rosendo, Santo.

Constitúense tres comisións: a primeira, de honra, constituída pola presidencia da S.M. o Rei, D.Juan Carlos, o Presidente do Goberno e mailo presidente das Cortes; a segunda, de orde provincial, constituída pola presidencia do Sr. Gobernador Civil, o Bispo da Diocese, e presidente da Excm. Deputación Provincial; a terceira, de orden local, presidida polo Sr. Alcalde de Celanova e polo Sr. Párroco da Vila.



O primeiro acto celebrativo do Milenario da Morte tivo lugar o primeiro de marzo, festa de San Rosendo, en Celanova. Asistiron á **Solemne Concelebración**

Litúrxica presidida por D. Anxel Temiño na compañía de tódolos bispos galegos, o Auxiliar de Braga en representación do arcebispo, o Sr. Bispo de Astorga, e o Abad mitrado de Oseira. Participaron as autoridades provinciais e locais, representantes de distintos organismos galegos, e González Seara, Director Xeral de Universidades.

O Templo atopábase repleto de fieis de Celanova, da provincia e de Galicia. A Misa foi concelebrada en galego polos prelados asistentes e máis de trinta sacerdotes. Cantou a Misa a Coral de Ruada.

Con motivo das Festas do Milenario, a Santa Sé concedeu o troco do santo titular da parroquia de Celanova. Ata entón era San Breixo, agora será San Rosendo. Para celebrar este acontecemento histórico a parroquia organizou un Triduo solemne: o primeiro día predicou O sr. Bispo de Mondoñedo, D. Miguel Anxel Araújo, o segundo O Sr. Bispo de Ourense, D. Anxel Temiño, e o terceiro o arcebispo de Santiago, D. Anxel Suquía.

Ao longo do Milenario tiveron celebracións en Celanova as distintas Comunidades Monacais de Oseira, Sobrado dos Monxes e Samos; visitaron Celanova ben para ter celebracións, ben como turistas alumnos dos Colexios e Institutos de Galicia, diversas comunidades do monxas de clausura, mil membros da Terceira Orde Franciscana, grupos de sacerdotes, excursións de varias parroquias, Seminario maior e menor de Ourense, algúns grupos xuvenís e movementos e asociacións.

O Concello de Celanova editou “Vila de San Rosendo” con debuxos de Xosé Ramón e varias colaboracións.

Con motivo do Milenario, a Real Fábrica de Sargadelos grabou un prato conmemorativo, no que se reproduce a figura do Santo, obra do pintor celanovés, Baldomero Moreiras; tamén se fixeron diversos obxectos conmemorativos da efemérides.

O acto de clausura comezou coa bendición e inauguración dunha estatua de San Rosendo, sita na unión da Avda de San Rosendo coa R/da Encarnación; é obra do artista ourensán Manuel Bucíños. Representa a San Rosendo co báculo episcopal e unha grande capa pluvial, fundida en broce. Xunto a estatua plantouse un carballo, pero non foi adiante, secou.

Logo tivo lugar unha **Solemne Concelebración Litúrxica presidida polo Arcebispo de Santiago D. Anxel Suquía**, acompañado por tódolos bispos galegos, o Bispo de Astorga, o Arcebispo de Braga, o Abad Mitrado de Oseira, e coarenta sacerdotes. Asistiron as autoridades provinciais e locais, e de distintos organismos. Tamén participaron varios pintores e escultores da provincia. Cantou a Misa a Coral de Ruada. O Templo atopábase repleto de fieis de Celanova, da provincia, de Galicia e do Norte de Portugal.

D. Manuel, despois do Milenario, continuou o seu labor pastoral tentando unha profunda espiritualidade fundamentada na Palabra de Deus, na catequese e na formación dos leigos cristiáns; unha máis viva e participada acción litúrxica, e unha acción caritativo e social, como compromiso dunha fe vivida e testemuñada.

As Festas de San Rosendo van a ser presididas tódolos anos por un Bispo ou Arcebispo. San Rosendo vaise a converter no tema transversal ao longo do Ano Litúrxico.

Dado que era un namorado da cultura e do patrimonio artístico e relixioso de Celanova, despois da súa morte acontecida o nove de novembro do ano mil novecentos noventa e catro, a súa familia e o

Concello constituímos “O Premio de Investigación Manuel Iglesias” coa dotación da familia de mil cincocentos euros e o compromiso do Concello da edición do traballo premiado.

Á petición do Centro Cultural Coelerni Solpor, o Concello de Celanova concedelle a él e o seu irmán, Cesáreo o título de Fillos Adoptivos de Celanova e asinoulle o nome irmáns Iglesias Grande a unha rúa en recoñecemento ao seu labor pastoral, cultural e social durante máis de tres décadas nesta Vila.

Con todo este traballo foise abonando o tarreo para que o Ano Xubilar do mil cen Aniversario do Nacemento de San Rosendo, co apoio da Parroquia, da Diocese, e das Institucións autonómicas, provincias e locais fora todo un éxito.

Cesáreo Iglesias Grande

